

Óscar López Pouso

Departamento de Matemática Aplicada

Facultade de Matemáticas. Universidade de Santiago de Compostela

Tel.: 881 81 32 28. Correo electrónico: oscar.lopez@usc.es

Estimadas/os compañeiras/os:

Como director do Grupo de Traballo de Matemáticas II, aproveito esta ocasión para saudaros e dicirvos que estou á vosa disposición para calquera información que precisedes, así como para calquera suxestión que queirades facer.

No que se refire á PAU 2026, debedes ter en conta que hai cambios no modelo de exame desta materia. Tedes información adicional, ademais de no propio modelo, nos seguintes documentos:

- Orientacións xerais.
- Criterios xerais de avaliación.

No documento “Orientacións xerais” tratamos de guiar tanto ao profesorado como ao alumnado sobre os coñecementos mínimos que se deben acadar nas distintas áreas de coñecemento que serán avaliadas.

No documento “Criterios xerais de avaliación” ofrécese varias informacións relevantes, entre as que están: a estrutura da proba, o peso das áreas de coñecemento e a maneira en que deben ser elixidos os apartados no caso de existir opcionalidade.

Por outra banda, mantéñense os exemplos de exercicios de tipo competencial-contextualizado sobre o bloque de Estatística e Probabilidade que xa se subiran á *web* da CiUG durante o pasado curso 2024-25.

Tanto no modelo, como nas orientacións xerais, como nos criterios xerais de avaliación, buscouse o máximo acercamento posible aos acordos acadados en abril de 2025 pola Comisión Estatal de Matemáticas II para a harmonización da PAU, constituída a instancias da Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas (CRUE).

Recibide un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2025.